



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- Co Deus que nos urxe cara á non violencia

Resulta inevitable empezar esta crónica facendo referencia á acción terrorista que o pasado 17 de agosto causou a morte de 16 persoas en Barcelona e deixou feridas a máis de cen; a consecuencia destes actos tamén foron abatidos seis terroristas. Como adoita facerse, houbo unanimidade na condena do acto, organizáronse sentidas e preciosas aras populares no espazo das Ramblas para facer memoria das vítimas, e o 19 de agosto organizouse en Barcelona unha manifestación multitudinaria contra o terrorismo, á que asistiron o mesmo Rei e o Presidente do Goberno, que, ben vistos por uns, foron apupados por outros por manteren negocios de Estado interesados con países que apoian o terrorismo. Tamén o domingo 20 se celebrou na basílica da Sagrada Familia unha misa

pola paz e a concordia, aberta a quen quixese acudir; asistiron os reis, o Presidente do Goberno, o Presidente da *Generalitat* e a alcaldesa de Barcelona. Así mesmo o xoves 24 celebrouse no Museo Marítimo de Barcelona un acto interrelixioso ao que asistiron crentes, entre eles o cardeal Omella, e non crentes, no que representantes das catro relixións máis representativas leron fragmentos dos seus libros sagrados. A representación católica leu Corintios 13.

Todo o sucedido ten gravísimas consecuencias. En primeiro lugar, loxicamente, para as 16 vítimas que pasaron do gozo de vivir á amargura da morte por obra e desgraza de mentalidades ennegrecidas por sabe que Deus, por sabe Deus que. Consecuencias tamén para as persoas feridas, algunhas das cales moi graves, que vivirán o resto dos seus anos cunha aceda experiencia que deixa feridos os

seus corpos, as súas mentes, os seus corazóns. Consecuencias igualmente para o conxunto da poboación, que reacciona de primeiras co berro encoraxado de «*No tinc por*» (non teño medo), afirmándose na súa vontade de vivir libremente en paz, pero que case inevitablemente verá protexida a súa cidade, as súas ideas e o seu corazón con instrumental de diferente tipo que impedirá vivir, pasear, pensar, compartir, relacionarse con inocencia, con espontaneidade. É ben peado escapar destes danos colaterais, que minan a estabilidade emocional, vital do conxunto da poboación.

E, polo tanto, todo isto leva consigo a tentación de desenvolver un tipo de actitudes belixerantes contra todos os musulmáns, contra todo inmigrante case, converténdoo en causantes de todas as nosas desgrazas, chegando a ofrecer datos totalmente inverosímiles, como que o 70 % dos gastos en sanidade se investían na atención a persoas de orixe musulmá ou inmigrante. Deixarnos envolver e levar por estes sentimentos primarios sería unha enorme derrota, a peor das derrotas ante o terrorismo.

Isto non quita, ao revés, que debamos pararnos a pensar como articular a nosa convivencia democrática, libre, con persoas doutra procedencia cultural, confesional, con especial insistencia no mundo musulmán. A relación destas dúas civilizacións, a musulmá e a nosa occidental –en boa medida aínda adxectivada cristiá, aínda que moita xente renegue deste cualificativo–, é un grande reto que temos por diante, un verdadeiro signo dos tempos, con toda a forza teolóxica que tal expresión poida ter para as persoas crentes. Algo con enormes dificultades polas longas e fondas implicacións políticas, comerciais, estratéxicas de todo tipo que leva consigo, pero tamén algo con inimaxinables consecuencias positivas para moitos países do mundo que están en vilo pola mala xestión compartida desta realidade.

É hora de pararse e pensar. É hora dun verdadeiro diálogo de civilizacións, que non ten por que ser inxenuo. É hora dunha verdadeira educación para a cidadanía. É hora de dotar os plans de educación dun sólido humanismo que nos forneza de recursos para a convivencia en

horas boas e malas. É hora de escapar de solucións simples, como esa que fala de botalos todos para fóra, porque na «xilaba» de calquera musulmán pode agacharse unha carga de explosivos; ou desoutra que afirma que haberá que prohibir as procesións de Semana Santa porque molestan aos musulmáns. Unha vez máis as persoas crentes temos aquí un papel moi especial que xogar. O Papa Francisco invitounos con claridade a entrar por unha vía cristiá para axudar a resolver o asunto: a misericordia, o amor, a xustiza nas relacións é o principal camiño para desmascarar e superar a violencia.

2.- Dádelle ao César o que é do César...

É case triste recoñecelo, pero o tremendo impacto dos asasinatos terroristas das Ramblas quedou deseguida silenciado polo rebumbio creado ao redor do si ou do non do referendo catalán, e polas actuacións que desde a *Generalitat* e desde o Goberno estatal se estiveron levando a cabo, das que todo o mundo é sabedor. Cando esta crónica chegue ás mans do lec-

tor ou lectora, estará resolto o feito puntual do referendo, pero supoñemos –oxalá non– que a situación estará aínda máis encerellada, porque, tal como se presentou a batalla, calquera vitoria será pírrica.

E que cabe pensar e facer como persoa ou comunidade cristiá ante todo isto? O bispa do español, pola boca dalgunha das súas figuras do momento, optara hai anos por afirmar que a unidade de España era un ben moral polo que, como tal ben, a comunidade católica debería loitar. Os bispos cataláns, en comunicado feito público xa o 11 de maio pasado, defenderon «a lexitimidade moral de todas as opcións que se baseen no respecto da dignidade inalienable das persoas e dos pobos, e que busquen con paciencia a paz e a xustiza»; e tamén afirmaban cunha linguaxe típica da cautela clerical: «Cremos humildemente que cómpre que sexan escoitadas as lexítimas aspiracións do pobo catalán, para que sexa estimada e valorada a súa singularidade nacional, especialmente a súa propia lingua e a súa cultura». Posteriormente o cardeal Omella veu repetindo as súas chamadas á serenidade e ao

diálogo e o atípico bispo de Solsona, Xavier Novell, cantou en solitario o seu apego ao actual proceso catalán. Ultimamente cristiáns independentistas –descoñecemos o seu número– solicitábanlle á Igrexa que facilitase locais onde poder levar a cabo a votación do referendo. Recentemente aínda máis de 300 cregos cataláns fixeron pública unha carta de apoio ao referendo proposto, visto que outro acordado non fora posible. Os abades de Poblet, Octavi Vilá, e o de Monserrat Josep María Soler, ofrecen un comunicado na liña da declaración episcopal tarraconesa do pasado maio; e parece que tamén a permanente da CEE vai dicir algo ao respecto.

E seguimos pensando que facer como persoa ou comunidade cristiá ante todo isto. Ocorrénos facerlle a tal pregunta ao mesmísimo Xesús de Nazaret, e, non sei por que, todo nos dá que nos respondería con algo semellante a aquilo de «Dádelle ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus» (Mt 22, 21b); unha resposta que sabe algo a evasiva, pero que no fondo nos invita a que pensemos e nos impliquemos nas solucións. Teriamos que acomodar ao noso caso

a resposta de Xesús para dicir: «Dádelle a Cataluña o que é de Cataluña é ao Estado Español o que é do Estado Español». É posible afirmar conxuntamente o respecto máis exquisito pola singularidade de cada quen e a súa vocación fonda de solidariedade e comunión cívica. É un difícil equilibrio ao que non se chega cos exabruptos aos que dunha parte e doutra estamos asistindo.

Está todo isto ben regulado xa pola actual Constitución? Pois parece que non. Deberán, pois, ambos gobernos sentar e negociar. E igual todos debamos tamén sentar e negociar, porque no noso ánimo e no noso actuar somos impertérritos defensores do que nos gusta e queremos, ata o punto de crear un clima contaxioso a favor do enfrontamento e da obcecación. Todo o que ula a respecto de dereitos e sentimentos, a liberdade, a recoñecementos, a vontade de unión, a camiñar xuntos, a amplitude de espazos, a urnas e votos, todo iso ole a cristián, porque ole simplemente a humano. A xente cristiá quizais poidamos e debamos ofertar un *plus* de motivación, de enerxía, de constancia, de transparencia, de respecto para vivir o que

entre todos vaiamos entendendo que debemos vivir. E xa está ben de tanta reviravolta, resovelado dunha vez, na dirección que as partes queiran, que a vida de tanta xentiña marxinal que hai entre nós e polo mundo adiante está agardando polos nosos esforzos.

3.- Palabras galegas, que non en galego

Quen si considerou oportuno falar foron os seis bispos da Provincia Eclesiástica Galega, aínda que non fose sobre o terrorismo nin sobre a complexa articulación do estado español. Fixérono neste caso «*Sobre algunos aspectos actuales de la vida de comunión en nuestras Iglesias particulares*». O escrito fíxose público o 11 de setembro cando se abría no mosteiro de Poio o encontro interdiocesano de cregos de Galicia. Que saibamos, a súa carta ou comunicado non foi publicado en galego; se así for, estarían renunciando xa a ese mínimo de respecto pola nosa fala que esixiría publicalo, senón soamente en galego, a lingua propia de Galicia, cando menos nos seus dous idiomas oficiais. Eles saberán

Os nosos bispos consideran preocupante o tema abordado porque versa sobre as resistencias que se dan ou poden dar por parte do clero e das comunidades parroquiais, e aínda de certas autoridades civís, ante os cambios de cregos que os bispos dispoñen. Todo apunta –eles saberán tamén– a que detrás dese escrito está o caso específico e tan cacarexado de Friol, que por circunstancias moi especiais rompeu un clima xeral de case absoluta normalidade ao respecto. Quérese remendar a mala imaxe social que da Igrexa quedou en determinados medios, e adiantarse, se cadra, a «levantamentos» similares?

O documento, correcto, faltaba máis, no uso da doutrina común ao respecto, parécenos, sen embargo, un escrito que mira máis para atrás que para adiante. Porque quizais detrás de tanto balbordo algo zarapalleiro como o que se deu en Friol pode ser que se estea evidenciando a necesidade e demanda de comunidades cristiás adultas, maduras, responsables, con crego ou sen crego ou con crego en mínimos, na pequena parcela que lles toque xestionar cada día; comunidades que si

deban ser escoitadas cando toque decidir sobre cousas que lles afecten, como pode ser, por exemplo, o nomeamento do seu pastor. E esta carencia de adulthood responsable nas nosas comunidades si que é un problema agudo da Igrexa galega e da Igrexa en xeral. E este crecemento comunitario non se realiza en principio a forza de afirmar dereitos e autoridades.

4.- Cousas que saben a futuro

Quizais a todo isto poidan axudar cousas como o xa citado encontro interdiocesano de cregos no mosteiro de Poio durante os días 11-13 de setembro, que este ano, por celebrar a súa XXV edición, abriu e presidiu o cardeal Beniamino Stella, prefecto da Congregación para o clero. O seu lema era «Vivindo a comunión». Sempre nos pareceu que os encontros de Poio se prestaban para ser un espazo para a fraternidade sacerdotal, para tomar conciencia da singularidade cultural, e polo tanto tamén pastoral, das dioceses galegas na súa individualidade e no seu conxunto, e para alentarse nos camiños urxentes que cómpre emprender para seguir

achegando, como comunidades cristiás en Igrexa, algo substancial á sociedade galega, do que, como as demais, tanto precisa.

Ante unha Igrexa en debilidade, como o é en boa medida a Igrexa galega, cómpre moita humildade e non pouca audacia. E algo diso foi o que transmitiu no antedito encontro de Poio o crego Xosé María Sánchez de Lamadrid, párroco do pobo madrileño de Santo Domingo de Algete, que compartiu o traballo realizado na súa parroquia durante estes últimos anos para pasar dunha parroquia de mantemento a unha parroquia misioneira, na que boa parte da comunidade se converte en persoas cristiás gozosas de selo e de compartir o que viven. Centos de persoas laicas sosteñen día a día esta transformación. O imposible pasa a ser realidade cando se rompen inercias e a comunidade ousa estrear soños novos fiada en quen sabe de soños e das maneiras de os ir realizando.

Neste camiño de novidade cómpre apuntar tamén a iniciativa da diocese de Santiago, que está botando a andar por toda a diocese un plan de formación de Axentes de Pastoral para per-

soas basicamente laicas. Que haxa formación é estupendo, e estupendo é tamén que haxa xente laica disposta a embarcarse nela; soamente así podemos esperar que as nosas comunidades se fornezan de ministerios diversos, que a desclericalicen e que a fagan capaz de alegrarse coa mesma vivencia comunitaria e de responder con aduldez aos retos actuais que a nosa sociedade lle presenta.

En Ourense estase tamén botando a andar neste mesmo outono un proceso sinodal, que oxalá valla, como así o preten-den, para avivecer as comunidades cristiás na diocese. Estaremos ao tanto dos seus progresos. E en Mondoñedo, despois dun ano longo de estadia na diocese do novo bispo Luís Anxo, bótase a andar tamén un novo proxecto de pastoral diocesana ao redor de dúas grandes áreas: Vigairía de Evanxelización e Vigairía de misión Misericordiosa e Samaritana. Precisamente quen isto escribe –dígoo sen buscar chufa persoal ningunha– foi nomeado polo seu bispo Delegado de Pastoral Rural; cousa rechamante por dúas razóns: primeiramente polo feito de ter creado unha Delegación de Pastoral Rural,

pois coido non equivocarme afirmando que en ningunha diocese galega, sendo como Galicia era e aínda é en boa medida rural, existiu nunca unha delegación específica para o rural; e despois tamén polo que supón nomear como responsable de tal delegación a un crego casado, coas dispensas oportunas, claro, cousa que noutros lugares vén sendo máis ou menos normal, pero que entre nós non se dá, que saibamos, agás nalgún caso na diocese de Lugo cando a presidía o bispo franciscano frei Xosé. A ver, logo, se non decepcionamos a confianza dada.

E cousa con sabor a futuro puido ser o Congreso de teoloxía Xoán XXIII celebrado en Madrid os días 7-10 de setembro, cando por aquí algúns andabamos en Romaxe polo parque de Beade en Vigo; Congreso dedicado a reflexionar sobre «Mulleres e relixión. Da discriminación á igualdade de xénero». O seu comunicado final concluía con este enunciado motivador: «A lección que aprendemos neste Congreso é que entre feminismo e relixión non hai contradición e que se pode ser crente e feminista. Ese é o desafío ao que temos que responder».

Con lembranzas do pasado, pero con gustos de futuro podemos considerar a recuperación dos Coloquios Europeos de parroquias, que, despois de 50 anos de silencio, volveron na súa 29 edición en Barcelona os días 9-14 de xullo pasado, co lema «Cristiáns en Europa: un pobo cunha misión». E tamén con sabor a futuro –saíndo xa de congresos e historias similares para andar pola rúa– está sendo a movida santiaguesa a prol da acollida de refuxiados que o Goberno español prometeu cativamente e nin así está cumprindo. Hai moita xente crente empeñada niso.

E, ceando tamén no tempo, cómpre non esquecer o Simposio Internacional de Traballadores Cristiáns, homes e mulleres, que se celebrou en Ávila entre o 15 e o 21 de xullo, onde algúns bispos e algúns responsables da HOAC compartiron problemas, ilusións e traballo con representantes sindicais dos cinco continentes na busca dun traballo decente para todo o mundo laboral. Foi ben fermoso palpar un reencontro físico e de expectativas despois dun distanciamento que nunca se debera ter dado.

5.- Co Papa dos croques

O Papa Francisco vén de realizar unha laboriosa viaxe a Colombia entre os días 6-11 de setembro, da que, xuntamente cun croque accidental, trouxo sentidas lembranzas de multitudes ferventes e de persoas individuais senlleiras na súa sinxeleza e no seu compromiso cristián. A finalidade desta viaxe estaba fundamentalmente marcada pola vontade de apoiar o proceso de paz que se está desenvolvendo neste país suramericano. Desde a súa chegada a Colombia o 6 de setembro, estivo en Bogotá o 7, viaxou o 8 a Villavicencio, cidade sinalada pola violencia de militares, paramilitares e guerrilla en tempos de conflito; foi a Medellín o 9 e a Cartaxena o 10. As viaxes estiveron cheas de encontros diversos e de celebracións relixiosas, que sempre resultaron nutridas e densas.

A mensaxe que o Papa quixo deixar no ánimo do pobo colombiano foi a de que a paz non se acada soamente mediante a sinatura de acordos entre as partes antes en litixio. Iso, sen deixar de ser complexo, como se viu no país, é relativamen-

te doado. O que resulta peado é elaborar no interior de cada persoa e do conxunto da sociedade unha cultura da paz, que implica magnanimidade de espírito por ambas as dúas partes para saber respectar as diferenzas ata convivir harmoniosamente con elas, perdoar, acoller perdóns, esquecer, renunciar a que o pasado siga sinalando teimudamente as rutas do presente, e dicir rotundamente non a calquera forma de violencia. Algo nada doado nunha sociedade tan marcada por intereses e conflitividades como é a colombiana. Neste senso o encontro de oración para a reconciliación nacional en Villavicencio adquiriu un significado moi especial.

Ocórresenos que non nos viría mal a nós acoller a mensaxe do Papa en Colombia. Tamén no noso país no momento da transición se firmaron acordos escritos, mesmo coa categoría de Constitución, pero o paso dos días vainos dicindo que segue habendo moito resentimento, moito poñer a culpa no lombo do outro, moito deixarse levar por vellos tics totalitarios, moita linguaxe alporizante, moito ollarnos con ollos de contrario,

en definitiva moito das dúas Españas que nos conxelan o corazón, contaxiándoo todo, espazos civís e eclesiásticos. Coidamos que neste campo da convivencia a Igrexa está chamada a ofrecer un necesario servizo de reconciliación. Pero, se cadra, tamén na Igrexa somos deficitarios en reconciliación, e ninguén dá o que non ten nin vive.

6.- Dous prólogos relevantes

O primeiro deles foi o escrito polo Papa Francisco para o impresionante libro de Daniel Pittet, titulado «*Le perdono, padre*», que narra en primeira persoa os abusos sexuais reiterados sufridos polo autor na súa infancia e adolescencia por parte dun crego, e logo todo o longo proceso de curación, a súa denuncia dos feitos, a súa contribución a que estas historias teñan punto final, o seu reencontro co antigo violador e a elaboración interior do seu propio perdón. Prologou o libro breve pero intensamente o Papa Francisco, que nun momento afirma: «Doulle as grazas a Daniel, porque testemuños coma o seu fan caer o muro do silencio que afogaba os escándalos

e os sufrimentos, e proxectan a luz sobre unha terrible zona de sombra na vida da Igrexa».

O outro prólogo foi o do Papa emérito Benedicto XVI ao libro do cardeal Robert Sarah, Prefecto da Congregación para o Culto divino e a disciplina dos Sacramentos, titulado «La fuerza del silencio». Un prólogo controvertido porque é notoria a distancia existente entre o Papa Francisco e o cardeal Sarah polo empeño deste por promover unha reforma da reforma litúrxica do Vaticano II, sabendo que o Papa non está para nada polo labor; e Benedicto XVI ofrece un apoio explícito á figura e funcións de Sarah. Controvertido tamén polas circunstancias rocambolescas que rodearon a súa aparición, que indican que igual o mesmo Benedicto XVI foi vítima de manobras interesadas. Publicouse o libro por primeira vez en outubro de 2016 en francés e inglés sen o tal prólogo; o Papa emérito escribe o prólogo na semana de Pascua deste ano 2017 e aparece xa na edición alemá do mes de maio, co anuncio de que estará tamén nas próximas edicións. A edición española da editorial Palabra de 2017 non o

inclúe. Si se pode acceder a el facilmente en internet.

O libro de Sarah, resultado dunha entrevista do periodista francés Nicolás Diat, tivo unha rápida difusión en España. É un libro veraz, pero excesivamente reiterativo sobre o valor e a necesidade do silencio, paradigma desde o que valora toda a espiritualidade persoal e toda a presenza eclesial. No seu capítulo III, titulado «*El silencio, el misterio y lo sagrado*», entra de cheo na cuestión litúrxica, avogando por unha «reforma da reforma», manifestando claramente a súa crítica a unha liturxia chea de palabras e carente de silencio ante o misterio, cousa que para el se remediaría, por exemplo, volvendo á misa de costas ao pobo e orientada (é dicir, dita cara ao oriente), co recitado en voz baixa do Canon e, en xeral, potenciando todo o que sexa entrar nun ámbito de misterio ao que se accede pola adoración, polo silencio, e moito menos pola palabra, polas explicacións.

Este capítulo do libro pon sobre o mantel, desde logo, un tema importante, porque é certo –parécenos– que as nosas liturxias son excesivas en pala-

bra e pouco eficientes para nos achegar a tentas ata o misterio de Deus. Cremos con el que é necesario revisar esta realidade; pero non nos parece que para o caso haxa que volver a formatos de celebracións que xa en tempos pasados demostraron tamén a súa ineficacia para introducirnos conscientemente na realidade sacramental. O problema vai máis alá das mesmas celebracións.

O libro poderíámolo conectar coa valoración que está collendo o silencio en experiencias espirituais dos nosos tempos, pero non vai tanto por aí. Reflicte un home namorado do pensamento de Benedicto XVI que cita con frecuencia, case nada ao Papa Francisco, e tamén unha falta de empatía, con deixes de amargura, cara á sociedade actual en xeral e cara a bispos e clero que andan por camiños que para el son de activismo. Disque é un candidato con peso para suceder ao Papa Francisco.

Que Deus nos ampare a todos. Tamén ao antigo Prefecto da Congregación para a Doutrina da Fe, o cardeal Gerhard Müller, que, ao ser despedido de tal cargo, sumouse máis abertamente ao grupo dos cardeais disidentes, chegando a declarar publicamente que para ser bo Papa hai que ser bo teólogo, e que, non o sendo (daba a entender que o Papa non o era), tampouco o labor do Papa o será. No seu canto quedou o xesuíta español Luís Ladaira Ferrer, ata agora secretario de dita Congregación. Falaremos na próxima crónica da *Correctio filialis* ao Papa dos 40 académicos católicos, da que soubemos cando esta crónica estaba xa rematada.

Que nada nin ninguén teña nin poder nin dereito a quitar-nos a ledicia do corazón. Feliz outono, feliz San Martiño cos seus magostos e o seu bo viño!

Manuel Regal Ledo